

NOTA DE PRENSA

Fin de tempada 2021-22 Club de Lectura #BiblioMARCO

Conversa Cristina Sánchez-Andrade/Andrea Costas Lago

O Club de Lectura #BiblioMARCO pecha esta tempada cun encontro entre Cristina Sánchez-Andrade e Andrea Costas Lago, dirixida a participantes do Club de Lectura e aberta ao público en xeral. Escritora e artista conversarán sobre a súa actividade creativa e sobre os medos universais, un fío condutor presente en todas as lecturas elixidas durante os últimos meses.

Trátase dunha das actividades complementarias do Club #BiblioMARCO, que retomará a súa programación coa apertura de inscricións a partir do 19 de setembro.

Martes 31 de maio ás 19.00, no salón de actos

<https://www.marcovigo.com/content/conversa-cristina-s-nchez-andradeandrea-costas-lago>

Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade

Posibilidade de reserva de praza para participantes Club de Lectura e membros AAM Agrupación Amiga do MARCO en centro.documentacion@marcovigo.com (ata o 30 de maio)



O **martes 31 de maio** o salón de actos do MARCO acollerá un encontro entre a escritora **Cristina Sánchez-Andrade**, autora dun dos libros desta tempada do Club de Lectura, e a artista **Andrea Costas Lago**, que o próximo outono protagonizará unha exposición no MARCO. Encadrada na programación do **Club de Lectura #BiblioMARCO**, a actividade será presentada e moderada por o seu responsable Iria Fernández Mouriz.

Organizado pola Biblioteca-Centro de documentación, o **Club #BiblioMARCO** é unha actividade gratuíta, concibida como espazo de **encontro e intercambio de experiencias para persoas interesadas nas artes en xeral**. Os eixes argumentales das novelas están relacionados coa arte nas súas distintas manifestacións, e cada sesión está acompañada con material de apoio e catálogos que, máis alá da lectura en si, establecen **relacións con obras e movementos artísticos, música e cinema**, o que converte o club #BiblioMARCO nunha experiencia diferente que axuda a afondar nos contidos da creación contemporánea. O obxectivo é constituír un espazo de debate e pensamento crítico en torno aos múltiples temas que aparecen nos libros e achegar, por esta vía, a arte contemporánea a novos públicos.

Nesta ocasión, o punto de partida e o fío condutor do encontro entre Cristina Sánchez-Andrade e Andrea Costas Lago é unha **reflexión en torno ao medo como experiencia universal**. Unha conexión que, de forma inconsciente, está **presente en todas as lecturas elixidas** para as sesións do Club dos últimos meses:

Dende o medo á soidade e ao rexeitamento en *La ciudad solitaria* (**Olivia Laing**), ata a perda de control e a enfermidade mental en *La paciente silenciosa* (**Alex Michaelides**), pasando polos mundos descoñecidos e a perda da memoria en *Ardalén* (**Miguelanxo Prado**); o temor á maternidade e as relacións tóxicas en *La anguila* (**Paula Bonet**), ou o terror sutil, froito do coñecemento e da ignorancia, na propia novela de **Sánchez-Andrade**, *Las inviernas*.

A tenda-libraría **LASAL BOOKS**, con sede no MARCO, colaborará nesta actividade situando xunto á entrada do salón de actos unha **selección de libros** de Cristina Sánchez-Andrade, e publicacións de arte contemporánea relacionadas co tema da sesión.

+ INFO **Cristina Sánchez-Andrade**

<https://www.anagrama-ed.es/autor/sanchez-andrade-cristina-952>

+ INFO **Andrea Costas Lago**

<http://www.andreacostas.com/>

+ INFO **Club Lectura**

<http://www.marcovigo.com/es/content/club-de-lectura-bibliomarco>

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

comunicacion@marcovigo.com